



Actualidade > Ficha da nova

O Toxos e Froles trae a Ferrol a Carlos Núñez

Carlos Núñez foi convidado polo Toxos e Froles e acudirá a Ferrol no mes de abril, porque o Real Coro acolle os días 29 e 30 dese mes, o III Congreso de Música Tradicional "Terra de Trasancos". Este congreso, herdeiro dos que se celebraran nos anos 1997 e 1998, desenrolarase en horarios de mañán e tarde nos días sinalados. O Toxos e Froles anda xa pensando na celebración do seu centenario no ano 2015.

Sociedade • 16/02/2011 • Autor: MXArias

Teñen confirmada a súa participación persoeiros como CARLOS NÚÑEZ, gaiteiro de Vigo de recoñecido prestixio internacional e bandeira da música galega na actualidade; CARLOS BECEIRO, músico de Narón que forma parte do grupo "La Musgaña", cun amplo coñecemento tanto do folclore galego coma do folclore castelán; o grupo "TREIXADURA", que falará sobre o seu traballo actual, no que se recollen a bagaxe musical dos coros históricos galegos; ALFONSO FERNÁNDEZ, director do Museo da Gaita de Xixón, gran coñecedor dos xeitos de traballar co material histórico e a recuperación das nosas tradicións materiais, orais, ...

Todo isto non é máis que o primeiro pulo necesario para chegar á gran cita no ano 2015, no que se cumpriran 100 ANOS DA FUNDACIÓN DO TOXOS. De momento, a Xunta Directiva do Real Coro "Toxos e Froles" convoca unha Asemblea Xeral Ordinaria para o Sábado 5 de Marzal.

Ademais do balance económico, a Xunta Directiva dará a coñece-lo programa cultural que o Real Coro "Toxos e Froles" vai desenrolar ó longo do ano 2011. Trátase dun proxecto ambicioso, que fará que a entidade vaia ocupando o lugar que merece, como foco e centro de espallamento do mellor da Cultura Galega.



Carlos Núñez

[Compartir](#) |

